A CULTURA E A CREATIVIDADE GALEGAS DE CARA AO ANO 2000



Xosé Luis Axeitos / Pepe Barro / Lino Braxe / Xosé Antón Castro / Miguel Anxo Fernández / Margarita Ledo Andión / Pedro de Llano / Carlos Paulo Martínez Pereiro / Miguelanxo Prado / Carlos Vales

A edición deste libro foi posibel gracias ao patrocinio da Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia.

EDITA: ASOCIACION CULTURAL «ESCOLA E SOCIEDADE» do I. B. Monelos (A Coruña).

COORDINACION: XAVIER SEOANE.

Cuberta: sobre un debuxo de Xosé Freixanes
ISBN: 84-7492-036-1
Depósito Legal: C - 135 - 1995
Gráficas do Castro/Moret.
O Castro. Sada. A Coruña. 1995

DUPLICIDADES

MARGARITA LEDO ANDIÓN

As fotos do teu álbum, coma recordatorios: —eu pasei por aquí...

O arquivo fotográfico no que se representa un intre recurrente da vida pública na túa cidade, arquivo que agora se somete á catalogación oportunista dos historiadores.

A efeméride, que atrae o bule-bule das exhibicións; concursos fotográficos de grupo, coma o de «Rompan Filas»; xornadas de fotografía local; as fotos de prensa; os libros das Institucións ou de editoras a ben coas Institucións, ese seu cliente principal; as Mostras, os Catálogos, a Fotobienal...

Prácticas fotográficas ou sobre da cultura fotográfica, prácticas tan diversas coma é de diverso o modo de enfocar a criación de imaxes; lugares nos que se vai definindo a nosa actitude visual; autoras e autores tan distantes, as unhas dos outros, coma entre sí estes 3 que vos apresento e encol os que identifico as categorías que me permeten amplar a comprensión da foto, nos noventa, en Galicia. Categorías, agrupamentos en pós dunha outra tentativa contemporánea de clasificar, e que lle outorgan, tamén, un papel diferente ao receptor, ou sexa, a todos nós.

Eu escollo a 3 moi vocacionais: Xurxo Lobato, Manuel Vilariño e Manolo Sendón. Escólloos tamén porque pertencen á miña xeración, e porque podo establecer algúns outros elementos comúns, alleos aos estilos e ás técnicas ou aos modelos de referencia que cada ún deles utiliza cando se mete na fotografía. Por exemplo, teñen formación universitaria, son de esquerdas, adícanse puntual e devotamente a actividades organizativas e de divulgación, e se relacionan co resto do

mundo porque parten da idea de Galicia como ese contexto, ese territorio na historia que mediatiza a súa producción simbólica.

E porque xa pasamos por aqueles anos do cine-clubismo e do «salonismo» —termo que nos leva deica as agrupacións fotográficas, o moskito, a vespa, os primeiros seiscentos e a inexistencia do negativo a cor— os 3 nen sequer, entre eles, necesitan decrararse amigos.

XURXO LOBATO:

«Cando empecei na prensa cría, e inda o creo, que coas Mostras o noso traballo se dignifica, porque a xente cando mira un marco olla para a foto coma se olla para unha «obra de arte». Síntome cheo de influencias: gústame Salgado, pero non comparto o seu mesianismo; seime deudor da fotografía clásica, e dende ela din o chouto para a cor e para o Kistch; deixei as solucións para ir cara a interpretación; deixei a imaxe da catedral de Santiago para optar pola foto das rapazas en minisaia a carón dunha muller de loito, axionllada, que dá voltas arredor dunha eirexa. Interésame o caos arquitectónico, social, lingüístico, as vilas das mariñas a toda cor...»

Capturar imaxes, denotar na representación todas as mestizaxes, fuxir dun estilo único para manter, como estratexia de atención as anacronías e os obxectos cos que delimitas o teu comportamento e te metes con eles no encadre da cámara, o fotografado que se fotografía para que Xurxo Lobato continúe o seu percurso de explorador niso que teima en verbalizar como a contradicción campo/cidade. Acéptao todo —encárregos, unha chamada, unha proposta aínda sen determinar— e prográmao todo en función do tema, do soporte —a prensa, un libro, unha mostra, unha intervención— e da documentación que lle veña á man. Déixase producir, déixase subvencionar e deixa que as súas fotos percorran todos os camiños incertos de ida e volta, daquelo tan ordinario que, por estatus, cáseque ninguén ousa fotografar.

Alex Webb, Gilles Peress, Eugene Richards, Chris Steele-Perkins no seu punto de atención e unha marcada actitude de vida pegada á pegada da fotografía.

MANUEL VILARIÑO:

—«Síntome estranxeiro coa miña cidade, síntome estranxeiro coa crítica, síntome estranxeiro comigo mesmo, por iso vou cara o exilio, ese exilio que é traballar no monte con fax, con computer... o exilio da realidade, da catástrofe que vivemos nesta sociedade, sobre todo na vella Europa que pecha as súas fronteiras á mestizaxe, que se pecha...» increpa nunha conversa co pintor Antón Patiño.

O máis orgánico, o máis material, o máis cifrado, o máis mórbido e dramático no uso das convencións simbólicas e no control exhausto de cada elemento de composición a traveso do puramente fotográfico, da luzada que se transforma en rastro para que nel podas activar todos os enigmas.

O retrato, a natureza morta, a seducción do todo pola parte, o isomorfismo entre universos que non se tocan, a forma como bocadiño de contradicción, arredamento múltiple entre antergos modelos para ver o real e a imaxe mental, as ás do anxo, ou as do casquiño de Asterix, sen necesidade de pano de fundo: —estes romanos están tolos de atar.

Discurso ficcional da foto construida que che trae verdades coma puños e que alonga o seu recendo de estrela solitaria á portada de The Indenpendent magazine ou para as páxinas hipercultas de La Recherche Photographique. Discurso paraficcional nas imaxes post-industriais do Ferrol. Sen despois.

MANUEL SENDÓN:

«Non vivir da foto perméteche deixar proxectos se non che interesan e pensar decote sobre o que andas a facer. Pero tén tamén desventaxas porque a carencia de expectativas faiche non poder materializar outros proxectos que desexas. Por iso os encárregos, cando conlevan libertade estética e máis ideolóxica, son unha fórmula moi interesante. Un outro problema, outra cuestión é a da difusión. Eu prefiro o libro, xunto coa mostra, e non as revistas pola imposibilidade, nestas, de controlarmos o uso que se fai da foto».

A observación, a ollada do real como hiperreal, o real sen orixe e sen realidade —comenta Gibbs, a propósito do seu libro Paisaxes—

interésase polo movemento fotográfico que adoitamos nomear New Color e centra os seus itinerarios á volta do concepto de políticas de representación e na construcción de estratexias de sentido. A preocupación pola idea de proceso faille introducir variacións, tanto de enfoque, como de temática, en calquera proxecto que sempre restan como inacabados.

Calquera escolla implica unha proposición, quizaves non tan evidente cando se trata de fotografía. E cando se fai dende novos referentes que non son cronolóxicos, nen de xénero, nen a partir do maniqueismo, da dupla moral, do racismo de idearium que acochan as bifurcacións entre documento gráfico e art-photo, ou cando se trata a foto como a actitude de candanseu autor —narrativa, expresiva...— dende a subxectividade e dende a idea de intereses, polo tanto dende a súa consideración como práctica social, a foto devén nun dos indicios máis preciosos para entender, tamén, a nosa excepcionalidade cultural.

COMPOSTELA, INVERNO DO 93.